

5º

TAREFAS SEMANA DO 11 Ó 17 DE MAIO.

FICHAS ONLINE: Esta semana todos os días pola mañá teredes dúas, tres fichas por facer (darei un marxe de tres días). Estas fichas se non as facedes no tempo estipulado chegaramme un correo que non as realizastes. Se algún día non asigno tarefas realizades algunha por orde, porque deixades moitas en branco. Importa máis a calidade que a cantidade.

ACLARACIÓNS: Nas preguntas de comprensión debes contestar como se facía na aula (resposta longa).

Ricardo Carvalho Calero : Con motivo da celebración das letras galegas convíдовos a que fagades un retrato do homenaxeado. Para iso eu adxunto unha imaxe , pero podedes coller vos outra. Debedes debuxalo ,colorealo, pintalo, poñerlle un e reenviarmos antes do día 17 de maio. **Nese retrato debe constar o seu nome (ollade ben como se escribe) e 17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.** Debe ser en tamaño folio. Vouno ter moito en conta para plástica así que esmerádevos.

Tamén tedes que explicarlle as vosas familias porque se celebra o día das letras , quen foi a primeira homenaxeada e porqué(se non vos lembrade mirade a libreta de galego).

Paralelamente tedes que mandarme un audio recitando unha poesía en galego . Pode ser calquera pero antes de empezar decides: No día de hoxe recordo a (nome do autor) recitando a poesía Non tedes porque aprender a poesía.

LEMBRADE que debedes enviar o audio ou o vídeo explicando a vosa personaxe (tarefa da semana pasada). Se tedes dúbidas comunicádemolo por

Abalar.


FACEMOS UNHA BOMBA DE AUGA: Se tedes materiais intentade facer este experimento (é para dentro de quince días).


https://www.youtube.com/watch?v=0crry9IVq-k&utm_campaign=anaya-a-tu-lado-talleres-semana-1&utm_medium=email&utm_source=acumbamail

Se vos parecen poucas as tarefas ide adiantando tarefas online. Se pola contra vos parecen excesivas comunicádemo.

SEGUIDE LENDO E PRACTICANDO MECANOGRAFÍA.

UN CAMIÓN DE RECORDOS BONITOS DESTE ANO NAS AULAS. A VOSA TITORA QUE MORRE DE GANAS POR VERVOS.





© Moncho Rama